

Mulleres diante. Rostros femininos e acción colectiva no rural galego

Ana Cabana Iglesia

[Recibido, 10 marzo 2017; aceptado, 20 abril 2017]

<http://dx.doi.org/10.15304/bgl.50.3988>

RESUMO Fronte á idea asentada da inexistencia de accións sociais colectivas de carácter reivindicativo no rural galego ata as últimas datas do franquismo e ós estereotipos de xénero do nacionalcatolicismo que relegaban á muller a un espazo privado definido pola submisión, o presente texto trata de resaltar a presenza de mulleres á cabeza de movementos de protesta nese período. E farémolo seguindo o fío condutor das reivindicacións en contra da *Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos* que materializaron as labregas do concello de Pontevedra nos anos cincuenta. Trataremos de interpretar as estratexias empregadas para manobrar dentro das circunstancias impostas por un réxime ditatorial así como escudriñar no universo simbólico ó que apelaban para arrogarse a representación das súas familias e comunidade nun momento de conflito aberto.

PALABRAS CHAVE: conflito; xénero; Galicia rural; franquismo.

ABSTRACT Against the idea of the absence of collective social actions of protest in the rural Galicia until the last phases of Francoism and also the gender stereotypes of Nationalcatolicism that relegated women to a private space defined by submission, this paper highlights the presence of women leading movements of protest in this period. We will prove it by studying the complaints against the Francoist rural Trade Union "Brotherhood of Peasants and Cattlemen" who accomplished women at rural areas of Pontevedra in the fifties. We will analyze the strategies used to maneuver within the circumstances imposed by a dictatorial regime as well as we will evaluate the symbolic universe to which they appealed to attribute the representation of their families and community in open conflict periods.

KEYWORDS: Conflict; gender; rural Galicia; Francoisme.

Secundarias de luxo na película da vida

Pode afirmarse con rotundidade que os estudos sobre mulleres e sobre xénero conseguiron transformar o paradigma da historia no século XX. Hoxe en día é factible atoparse con análises detalladas sobre a historia das mulleres para calquera período histórico, desde a prehistoria ata o século pasado, e mesmo case para calquera espazo xeográfico¹. Pero un dos campos nos que as mulleres aínda non teñen conseguido o nivel de visibilidade e recoñecemento que lles corresponde no que compete á historiografía contemporaneísta en xeral, e na galega en particular, é o da historia agraria. Como ten sinalado Teresa Ortega (2013: 181), moi poucos son os estudos que desde a historia se teñan ocupado das mulleres do agro, das traballadoras agrícolas nas súas diferentes categorías (campesiñas, labregas, propietarias, caseiras, xornaleiras etc.). Segue a ser preciso rescatar do esquecemento o nome de mulleres que habitaron o rural no século XX e que a título individual xogaron un papel relevante, reparar na individualidade e nas figuras disidentes que marcan a excepción, pero moito máis necesario é, ó noso entender, incorporar categorías de análise, tales como o xénero e a identidade, que enxerten o feminino na disciplina en interese de conseguir unha perspectiva integral sobre a evolución histórica do mundo rural.

90

As mulleres do agro non teñen sido as protagonistas da axenda de investigación da historiografía galega contemporánea, salvo en contadas ocasións e en datas moi recentes². Actrices secundarias ou compoñentes de agregados asexuados (comunidade, clase social etc.) no mellor dos casos, só teñen saído do ostracismo na medida en que conseguiron abandonar a súa condición de labregas para converterse e identificarse con outro tipo de suxeitos que exercen moita máis atracción. Isto ten que ver con que as mulleres do rural non son vistas como suxeitos sociais activos implicados nos procesos de moder-

¹ No caso galego é de xustiza recoñecer os avances por investigacións como as de María del Carmen Pallares (1993) para a Idade Media e Serrana Rial (2005, 2009) e Ofelia Rey (2015), xa por separado, xa en coautorías (2009), para o caso da Galicia do Antigo Réxime ou Herminia Pernas (2011) para a época contemporánea. Igualmente destacable é a aparición de obras colectivas como a editada por Carlos Andrés González (2009) que nos ofrecen unha panorámica histórica sucinta que se complementa con outras perspectivas de distintas ciencias sociais (antropoloxía, literatura etc.) para achegarnos ó feminino (real ou imaxinado) na evolución histórica de Galicia.

² Destacan traballos como os de Raúl Soutelo (2006) ou Alba Díaz Geada (2013) porque propoñen ás mulleres rurais como suxeitos con identidades dinámicas e, polo tanto, entes relevantes dos procesos de cambio en vez de esencializalas con elementos identitarios estables e atemporais, xa que logo ahistóricos, que remiten a postulados xa superados.

nización e cambio que viviron agricultura e mundo rural na última centuria, senón como meras reprodutoras (a todos os niveis, desde o biolóxico ata o social e o cultural) da sociedade tradicional e esta defínese como refractaria das mudanzas. Porén, reciben atención se se converten en emigradas, en obreiras da industria ou se acadan a condición de pioneiras (acceden a estudos universitarios, convértense en líderes sindicais etc.). É dicir, cando son subversoras sociais e motores de cambio indubidables (Sampedro 1996), cando rachan ‘teitos de cristal’ evidenciando a súa capacidade de axencia ou mudan as fasquías que definen o seu estereotipo identitario e se fai evidente que creban os roles da domesticidade nos que as labregas parecen estar ancoradas³.

Podemos achacar o escaso desenvolvemento da historia das mulleres e dos estudos históricos de xénero a dúas causas principais. A primeira é que a visión da historia segue, en liñas xerais, sendo hexemonizada pola visión masculina ou, se se quere, dominada por un enfoque no que aínda perdura a construción discursiva tradicional sobre sexualidade e, por extensión, sobre as relacións sociais e das formacións culturais polo que non ve no xénero “unha categoría útil para a análise histórica” (Scott 1990). A segunda razón que podemos esgrimir é que a ausencia do feminino nos estudos de historia agraria é explicable en moitos casos porque as fontes documentais que conforman especificamente o seu corpus, que son os piares que sustentan a investigación neste eido, ocultan a presenza das mulleres ou encobren/minimizan a súa actividade porque están adecuadas ó modelo androcéntrico imperante das sociedades que as xeraron. Nin tan sequera resulta sinxelo aproximarse con fidelidade a un aspecto básico como é ó seu enorme e diversificado esforzo laboral dado o silencio documental que acostuma a acompañalo (Rial 2009: 77). Por tanto, a incorporación de novas fontes e/ou a optimización da bagaxe metodolóxica coas que interpretar as que xa temos, xunto coa renovación dos obxectivos da investigación, son tarefas ineludibles para que a historia agraria poida ofrecer estudos que incorporen o xénero nos diferentes ámbitos (social, económico, político e cultural) e que, polo tanto, acheguen unha imaxe máis ampla e completa da sociedade rural galega do século XX.

³ Estereotipo que perdura malia que a realidade histórica turra en demostrar que Galicia é a Comunidade, xunto con Asturias con menores índices de domesticidade feminina no conxunto do Estado. Muller e ama de casa non é un binomio acertado para definir o papel das mulleres do rural galego que aparecen como titulares das explotacións en porcentaxes moi elevadas en comparación co resto das mulleres españolas e destacan sobremaneira nas estatísticas estatais como traballadoras de ditas explotacións (Camarero *et al.* 1991: 116-127; Díaz-Geada 2015: 150).

Nas páxinas que seguen non pretendemos ser quen de dar visibilidade ás mulleres do agro galego como o que son, suxeitos históricos cunha achega decisiva en todos os procesos e transformacións políticas, sociais e económicas acontecidas no último século. Lonxe de tan ambicioso obxectivo, a nosa meta circunscríbese a pór en evidencia a súa presenza en accións colectivas de protesta nun período concreto, o definido pola imposición da ditadura franquista. Isto supón analizar o papel das mulleres como protagonistas de demandas sociais e como conquistadoras do espazo público nunha situación de conflito nun tempo no que evidenciar a desconformidade co poder era lido en termos de acto de oposición e directa rebeldía contra o réxime, e supoñía infrinxir o modelo de xénero imperante alén da lexislación vixente.

É incuestionable que a aparición de mulleres en accións colectivas de protesta, ou, o que é o mesmo, asumindo unha participación social activa, remóntase no tempo alén da chamada idade contemporánea (movimentos de protesta relacionados coas crises de subsistencia ou os aumentos na imposición fiscal)⁴, se ben é certo que é neste período histórico cando esta presenza se fixo máis notoria ó abrollar as formas de resistencia xeradas a raíz do longo proceso de implantación do capitalismo no agro e ó acontecer as primeiras reivindicacións laborais (mellores horarios, condicións dignas de traballo, subida de salarios etc.) e de dereitos políticos (reclamación do voto). Os motivos polos que as accións femininas están infravaloradas ata que dan o paso a unha loita que permite unha lectura doada en termos políticos son múltiples e inclúen desde as súas protagonistas, sempre suxeitos secundarios para sociedades claramente androcentristas, ata os seus obxectivos, considerados de segunda tamén por remitir usualmente á seguranza da supervivencia familiar (Moral 2012). É un prexuízo pensar que as mulleres nunca participaron de forma significativa nos movementos de protesta popular, e tamén o é sinalar que a única excepción son as accións relacionadas coa subsistencia, nas que esta presenza está máis que testemuñada (Lucea 2002). Agora ben, non o é menos deducir que as protestas por cuestións relacionadas co núcleo familiar e o seu benestar nas que participaron carecen de significación e alcance político fronte a outras que si os tiñan de maneira explícita. Sen dúbida a defensa da reprodución económica das súas familias está detrás da lóxica da

⁴ Para o caso galego a análise de conflitos como os antiseñorais evidencian este histórico protagonismo feminino nas accións sociais de protesta (Velasco 1995). Tamén Raúl Soutelo repara especificamente no papel das mulleres nos conflitos (véxase Soutelo 2006).

participación das mulleres galegas nas accións colectivas de protesta, pero iso non as converte nin a elas nin as súas protestas en secundarias con respecto ás realizadas unicamente por varóns, nin fan diferenza cos motivos que levaron igualmente a estes a protestar (Frías 2000). O único que permite é ratificar que as características estruturais da sociedade galega rural baseada nunha agricultura de pequena propiedade, sostida con man de obra familiar, e a profunda integración entre reprodución, produción e consumo, converteron as mulleres nun elemento central das explotacións familiares, das ‘casas’, e polo tanto, das comunidades rurais e que, en virtude de dito peso, desempeñaron un papel relevante nos conflitos⁵.

Deixándose ver

Un aspecto que cómpre ter presente é que dentro do colectivo de mulleres que viviron o franquismo as diferenzas son tantas como entre os varóns. Malia que pareza unha constatación obvia, non deixa de ser necesaria para subliñar que non se pode falar de ‘muller’ en singular. Hai que evidenciar a grande heteroxeneidade reinante nun colectivo tan amplo como son as mulleres. En Galicia hai mulleres franquistas, as que cada vez coñecemos mellor grazas a estudos centrados, por exemplo, na acción da Sección Feminina de Falanxe ou de Auxilio Social (Martins 2013); hai mulleres vítimas do franquismo, xa fora pola súa condición de afiliadas ou simpatizantes de partidos ou sindicatos na etapa republicana, ou xa pola súa condición de nais, familiares ou compañeiras de varóns de militancia naqueles. Moitas delas convertéronse en obxecto de represión por parte do réxime. Represións que sufriron en sentido amplo, como ‘inimigo’ e como ‘mulleres’, e que se rexistran en múltiples dimensións: mortes, prisión, multas económicas, violencia sexual, escarnio público, depuración etc. (Marco 2006; Souto 2008 e 2012; Prada 2013 e 2017; Martins 2011). Mais tamén hai mulleres que se situaron nun terreo intermedio, un grupo extenso de mulleres ás que lles ‘tocou vivir o franquismo’ e que o fixeron sen considerarse nin operar como adictas ó réxime,

⁵ Como ben se ten demostrado desde a antropoloxía social, a consideración da muller na sociedade rural galega estaba “asociada á actividade (traballo) e á responsabilidade en lugar da pasividade e da vergoña” (Høj Anvik 2012:115). De tal maneira que se produce unha simbiose entre a faceta pública e a privada dos suxeitos femininos con base á súa capacidade de conseguir chegar a posuír ‘disposición’, unha condición óptima desde o punto de vista social e que é indisoluble coa súa presenza nos momentos de acción colectiva.

pero lonxe tamén de ningún pensamento ou acción formal de oposición cara a este. Estas últimas son as que centran o interese deste texto. A diferenza das que conforman os outros dous grupos, son mulleres anónimas na maior parte das ocasións e, a través das súas vidas cotiás, non se pode dar conta nin dos motivos e as lóxicas que guiaron a certas mulleres a verse ‘seducidas’ polos ideais franquistas ata formalizar unha actividade pro-réxime, nin descubrir as dialécticas do terror sexuado.

Aludiremos a esa maioría de mulleres que cohabitaron co franquismo desde o mundo rural, tratando de sobrevivir, de asegurar as mellores condicións de vida das súas familias e minimizando o risco de ser obxecto de represión. Son mulleres das que, ó igual que o fixo cos varóns, o Estado franquista nos legou unha imaxe que as igualaba a suxeitos subxugados, dóciles, resignados e pasivos nun intento por asentar o seu ideal de ‘paz social’. E certamente logrouno, xa que na memoria que nos quedou ás xeracións nadas despois de extinguirse o réxime esa é a representación hexemónica. Un estereotipo que só a investigación da última década, e moi especialmente o traballo realizado a través da historia oral, está empezando a matizar. Porque moitas mulleres, as máis, quedaron sepultadas entre as medidas de control político, social, sexual e moral do réxime franquista, pero podemos atopar a súa pegada, xa que por momentos decidiron defenderse e protestar contra aquelas e presentarse como suxeitos activos, con capacidade de decisión e de axencia (Cabana 2013; Murillo 2013).

94

Hoxe en día podemos aseverar que durante todo o franquismo aconteceron episodios de acción colectiva con presenza feminina, protestas desprezadas por grupos de mulleres (soas ou con homes) unidas en virtude dunhas identidades construídas en común que activan reivindicacións ante o Estado e as autoridades usando todas as estratexias ó seu alcance⁶. Estas accións teñen un grande interese, pero salvo aquelas que aconteceron no que chamamos ‘tardofranquismo’ e na Transición, é dicir, as décadas sesenta e setenta do século XX, son aínda en gran medida descoñecidas. Algunha destas protestas colectivas acadaron sona fóra das comunidades que as orixinaron,

⁶ Botamos man das ferramentas conceptuais da teoría da Construción Social da Protesta para entender os motivos que levan os suxeitos a participar da acción colectiva. Segundo esta, os esquemas de interpretación da realidade, definidos como “marcos de acción colectiva”, parten de aspectos como a construción dunha identidade colectiva (damnificados), o grao de inxustiza percibida (real ou simbólica), a eficacia que se lle atribúa á acción de protesta e o cálculo dos custos que dita acción poida supor. Unha aplicación desta teoría en accións colectivas levadas a cabo no agro galego no século XX pode lerse en Fernández e Sabucedo (2004) e Cabana e Lanero (2009).

porque foron máis sostidas no tempo, porque se levaron a cabo usando unhas formas de loita moi visuais ou singulares ou porque comportaron fórmulas de represión inusitadas (enfrentamento directo coa garda civil, colocarse diante de maquinaria pesada, cando implicaron condenas de cárcere ou procesos xudiciais etc.) pero, sobre todo, son recordadas aquelas que resultaron ter máis impacto mediático e acadaron espazo na prensa da época. Xa na década dos sesenta e sobre todo na dos setenta os xornais dos sindicatos e partidos clandestinos, as publicacións universitarias e os escritos públicos de intelectuais deron eco e apoio ás loitas que acontecían no medio rural o que multiplicou a súa repercusión social e situounas como fitos da memoria colectiva no proceso de reconquista da democracia (Cabana *et al.* 2013).

En canto á presenza de mulleres, é innegable que o episodio senlleiro e case mítico en Galicia sería a loita contra a mina a ceo aberto que o franquismo pugnou por instalar nas Encrobas desde 1975 (Herrero Pérez 1997 e 2008). Aquelas mulleres que no inverno de 1977 con abrigos e panos negros, ou ás que cando menos a imaxe da cámara en branco e negro converteu en enloitadas, que ocuparon as terras que demandaban que seguiran tendo unha vocación agraria e portaban os seus paraugas como toda arma contra os homes de chufasqueiro e tricorne que se aferraban ó seu fusil e as desaloxaban convertéronse na imaxe por excelencia das accións colectivas que implicaban un rexeitamento explícito ás disposicións económicas que supuñan unha total alteración do espazo rural e da sociedade e da cultura labrega que o vertebraban naquela altura. Pero anos antes e por toda a xeografía galega moitas mulleres que non foron fotografadas puxéronse en primeira liña da loita pola defensa dos montes veciñais, como ten demostrados na súa investigación Araceli Freire (2011: 83-86; 96-105), e en múltiples ocasións pagaron por ter activado fórmulas de oposición violenta na súa protesta (malos tratos físicos e verbais, multas, condenas xudiciais etc.). Rostros femininos cuxa presenza no espazo de confronto directo non sorprendía porque non representaban unha excepción, ben ó contrario que na actualidade cando a presenza de mulleres en protestas relacionadas co agro (manifestacións, tractoradas etc.) é recollida pola prensa en termos de elemento desacostumado e insólito.

Nós empregaremos para achegarnos a esta ‘feminización da protesta’, a modo de estudo de caso, un conflito acontecido nos anos cincuenta nas parroquias rurais do concello de Pontevedra. Certamente nesta provincia a presenza de mulleres nas expresións colectivas de oposición contra determi-

nadas disposicións da ditadura franquista está máis en liña coa norma que coa excepción. Poderíamos citar as loitas contra a instalación da Celulosa na ría de Pontevedra, en concreto na parroquia de Lourizán, que se desenvolveron entre 1959 e 1961, e nas que xogaron un papel destacado as mariscadoras de lugares como Os Praceres (Rico 1997 e 2000; González 1988; Lanero 2013), ou o papel protagonista que desempeñaron mulleres pontevedresas en conflitos como o xerado pola construción da Autopista do Atlántico, caso das labregas do concello de Vilaboa (Punzón 2000; Lanero 2013) ou da revolta das mariscadoras e aquelas mulleres que recollían area de Arcade e Pontesempaio contra as dragas da ría en 1965⁷. Calquera destes episodios merecería ter sido analizado polo miúdo en clave de xénero e non só lido en clave social; de feito, a nosa proposta de análise entendemos que pode funcionar como eixo vertebrador de todas estas accións coincidentes na secuencia temporal e próximas na contorna. Alén desas converxencias espazo-temporais tamén consideramos que a integración da perspectiva de xénero é un fío conector para o estudo de todas aquelas accións colectivas vinculadas xa polo seu carácter de reivindicación aberta. Non obstante aproximámonos nestas liñas a unha protesta moito máis descoñecida que as anteriormente citadas. Ficou postergada na memoria, primeiro, porque non tivo cabida nos medios de comunicación do momento. De feito foi silenciada e ocultada porque se saía do patrón de tranquilidade e afinidade co réxime que a propaganda deste se empeñaba en transmitir a toda a cidadanía. E segundo, porque foi levada a cabo durante a década dos cincuenta, momento no que a desconformidade rara vez daba paso a un enfrontamento aberto en forma de acción colectiva canalizándose cara ó terreo das resistencias cotiás (Scott 2003; Cabana 2013). O réxime ditatorial percibía este tipo de episodios de protesta aberta como verdadeiras accións subversivas cuxo obxectivo era atacar e desestabilizar ó sistema político saído da contenda civil, e como tales eran condenadas. Pero, de todas formas, malia as enormes dificultades que a ditadura impoñía á participación social activa, é posible detectar xa desde os anos corenta, accións

⁷ Sobre estas protestas téñense feitos documentais, véxase *A mirada de Anna*, dirixido por L. Soler e J. Algora, Adivina Producciones, 2009; *Autopista: unha navallada a nosa terra*, dirixido por L. Soler, 1977 ou *Memoria de Muller de Ponte Sampaio. Loita pola ría*, da Rede de Dinamización da Sociedade da Información. Este formato audiovisual está a converterse nunha fonte de gran valía para testemuñar o papel das mulleres na conflictividade social en Galicia, un caso é *Os días: afogados*, dirixido por César Souto e Luís Avilés, producido por Amanita Films, 2015, sobre o alagamento da aldea de Aceredo (Ourense) pola construción do encoro de Lindoso en 1992, e que contén imaxes gravadas nos anos sesenta que demostran o protagonismo feminino no movemento de oposición á edificación e posta en marcha da obra hidráulica.

colectivas con participación feminina que presentan trazos de continuidade coa tradición do motín preindustrial (Thompson 1979: 109-110; Vallejo 1990), ligadas ás dificultades da subsistencia cotiá e a través das que se expresa o descontento da poboación ante as dificultades provocadas pola política económica do réxime e o seu sistema de recadación, percibido como inxusto e punitivo (Yusta 2004).

Ditas protestas van representar pois toda unha ameaza, no marco da vida diaria, contra a orde social establecida debido ó contido das súas demandas pero, sobre todo, pola mera presenza de mulleres en tanto que rachaban o modelo de ‘muller’ que o franquismo impoñía (Molinero 1998; Moreno 2008; Aguado e Ortega 2011). Constituían desafíos en relación co sistema de poder e tamén coas regras de xénero hexemónicas que se sustentaba sobre a imaxe dunha muller definida como ‘anxo do fogar’, reducida á súa condición de esposa, nai e ama de casa. Unha muller á que se lle negan capacidades físicas e intelectuais para ser semellante ós homes, que se iguala con eternas menores de idade necesitadas da titoría de pais, maridos ou familiares varóns e a que se confina a uns poucos nichos laborais –en tanto non consiga a súa misión vital de casar e procrear–, limitados a ámbitos de traballo que non eran máis que unha extensión da súa condición como ama de casa e coidadora (enfermeira, mestra, costureira etc.) (Marías 2011; Rodríguez 2015).

Irmandade feminina contra a ‘Hermandad’

Contra que protestan as mulleres do rural da provincia de Pontevedra nos anos cincuenta? Pois debe apuntarse que son o conxunto de políticas implantadas polo franquismo e que tocaban o mundo rural as que tiveron unha resposta nada conformista e si conflictiva, pero é especialmente salientable a súa actuación contra a organización corporativa, as *Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos*⁸.

Como podemos chegar a constatar esas protestas e os seus xeitos? As fontes para a realización deste traballo son documentais e teñen un carácter ofi-

⁸ Para coñecer polo miúdo estas institucións que representaban o sindicalismo vertical no agro e que resultan a todas luces cruciais para comprender o franquismo no rural, é imprescindible a consulta dos traballos de investigación de Daniel Lanero (2011a e 2011b).

cial. Non se recuperou a memoria das protagonistas das protestas vía historia oral, senón a partir de informes, correspondencia etc. de diferentes institucións ou representantes do Estado (Gobernador Civil, Hermandades, concello etc.)⁹. O interese central desta documentación radica en que nos permite achegarnos á pegada que as loitas das mulleres deixaron a través das miradas masculinas. Foron eles os que recolleron, e por tanto escribiron e interpretaron, o relato do conflito, e fixérono en dobre altura: como representantes do poder e como varóns. Foi así como construíron unha narración formal, unha crónica hostil desde os estereotipos de xénero que quedan plasmados nos fragmentos de papel oficial que dan soporte a un discurso público cheo de estigmatizacións. Lonxe de ser unha eiva, propoñémonos a análise destas fontes como un camiño firme no que transitar na investigación historiográfica en tanto que o discurso nin tan sequera foi modulado para xerar opinión pública, pois trátase de documentación interna non deseñada para saír das canles propias da administración, e tampouco se trata dun corpus material elaborado con finalidade algunha vinculada ó xénero, o produtor documental só tiña a pretensión de recoller asuntos de trámite. Xa que logo, só cando se aplica unha mirada en clave de xénero a documentación reflicte unha nova perspectiva na que é posible exhumar o feminino¹⁰.

O franquismo cernou de raíz o societarismo de preguerra sen substituílo por outro medio de penetración no mundo rural ata 1945 pois, aínda que as Hermandades contan con carta de natureza legal desde principios da década dos corenta (a partir do Regulamento das Hermandades (29-03-1940) e da Lei de Constitución dos sindicatos [06-12-1940]), a construción do modelo franquista de sindicalismo agrario e a unificación de boa parte das variantes sobreviventes non se realizará ata a Lei de Unidade Sindical Agraria de 1944 e a redacción das Ordenanzas das Hermandades en 1945. A finais de 1946 o número de Hermandades inscritas no Rexistro Central de Entidades Sindicais para a provincia de Pontevedra, onde sen dúbida a implantación ía máis rápida que no conxunto do territorio galego, era de 52, polo que non se tiñan constituído aínda nunha ducia de concellos. Se a isto sumamos que ata 1952 a

⁹ A documentación sobre os sucesos analizados nestas liñas está depositada no Arquivo da Cámara Agraria Provincial de Pontevedra. Hermandade Local de Pontevedra. Correspondencia. Caixas 153 e 154. Carpetas M-131, D-59, G, D-56, J, A-7.

¹⁰ Unha opción metodolóxica similar, que supón non renunciar a poder realizar historia de xénero a través de fontes (orais ou documentais) producidas desde a visión masculina en Cabana e Freire (2015).

sindicación nas Hermandades era voluntaria, a posibilidade de xerar conflitos ó seu redor resultaba insignificante¹¹. Pero tan só un ano despois xa temos novas de protestas nas parroquias rurais do concello de Pontevedra porque nese momento decrétese a afiliación obrigatoria (*encuadramiento*) de todos os produtores. No caso concreto da Hermandade do concello de Pontevedra á obrigatoriedade súmanse o cambio no sistema de establecemento da cota que pagar, o que supuña unha suba substancial da exacción económica que resultou sumamente impopular. Varias parroquias rurais do concello pontevedrés mantiveron desde ese mesmo momento un conflito de alta intensidade coa Hermandade, a Cámara Oficial Sindical Agraria (COSA) e a Gobernación civil. A primeira actuación disidente que se rexistrou vai ser a negativa ó pago desas cotas. A segunda, na que repararemos máis adiante, será a loita contra os embargos dos bens daquelas casas que se tiñan negado a cotizar a taxa da Hermandade. Os problemas de impago tiveron unha gran relevancia no caso da provincia de Pontevedra xa que supuñan a mingua de calquera posibilidade de actuación por parte da Hermandade, pois as cotas supoñían a única vía para o seu financiamento.

As crecentes dificultades da Hermandade para percibir a cota sindical das casas labregas encadradas provocaron que a institución se decidira a contratar un servizo de cobradores profesionais alleos ó seu cadro de persoal, e eles van ser os primeiros en sentir a protesta en forma de enfrontamento directo. Na parroquia de Marcón en 1953 prodúcese unha agresión puntual por parte dunhas mulleres (non identificadas na documentación) ó axente que tentaba executar o pago en compañía do Prohome, máximo cargo dentro da Hermandade, e da Garda Civil. A disputa repetiuse no lugar de Sabarís, na parroquia de Campañó, onde un grupo, tamén de mulleres, recibiu o cobrador, segundo este relatou, con berros, ameazas e insultos de tal magnitude, que obrigaron a aquel a irse e a acabar por requirir que en sucesivas visitas o acompañara a Garda Civil.

¹¹ A existencia dun período de varios anos, desde o golpe de Estado, caracterizado pola ausencia total de marcos de sindicación xerados e coordinados polo Estado supón unha *rara avis* dentro do panorama europeo de institucionalización dos réximes fascistas ou fascistizados. A súa razón de ser vén dada polo afán de destruír, de raíz, a experiencia sindical precedente e pola súa firme pretensión de xerar unha total pasividade na poboación rural. Non era cuestión de impoñerse e subsumir estruturas ou mecanismos que puidesen lembrar dalgún modo actuacións pasadas, senón de deixar ermo de organización o mundo rural en interese de conseguir a súa desmobilización. O franquismo buscaba a total resignación da poboación rural, especificamente daquela que, como a galega, tivera no movemento agrarista unha experiencia de politización e organización social (Cabana e Cabo 2006).

Ante a posibilidade de que a negativa a cumprir cos pagos e o enfrontamento se estendese ás demais parroquias do rural pontevedrés, o Prohome solicitou ó Gobernador Civil que tomara medidas drásticas para controlar a protesta. De feito, a resistencia á liquidación das cotas chega a un punto crítico ó entender das autoridades, o que motiva que se deseñe un plan de desactivación do que xa estiman unha rebelión que involucraba ós curas responsables das parroquias ‘rebeldes’. Tratábase de que no uso da máxima autoridade que lle confería o seu cargo eclesiástico convencesese tanto en público (homilías, sermóns etc.) como en privado (conversas particulares) ós seus fregueses, e ás súas freguesas, da necesidade de estar ó día na liquidación das cotas. A total confluencia de igrexa e Estado durante a ditadura, que igualaba a condición de bo cidadán coa de bo católico, imprimía ás recomendacións dos párrocos forza de lei e colocaba a quen non as acatase nunha dobre opresión, a exercida polo poder civil, por unha banda, e a engadida desde a potestade relixiosa, pola outra banda. Non obstante, a situación de frontal oposición non se vai frear ante esta técnica disuasoria, senón que se vai reproducir en 1956, cando xa ían, en moitos dos casos, dúas anualidades sen cotizar.

100

En xaneiro dese ano os ‘morosos’ doutras tres parroquias, San Andrés de Xeve, Santa María de Xeve e Lourizán, amosan unha actitude desafiante e ameazante ante o axente encargado da práctica das dilixencias de cobro. O nivel de tensión afectaba tamén a outra parroquia, a de Alba, onde 11 casas labregas acadaran un acordo coa postura de non desembolsar cartos para a Hermandade. Así as cousas e tendendo á petición do Prohome de ‘adoptar a forza’ para solucionar a insubordinación, o Gobernador Civil anuncia en marzo a formalización do embargo e a poxa pública dunha das fincas requisadas a unha das familias debedoras. Nesta decisión de empezar coas poboxas públicas pesou que meses antes se unira a esta actitude rebelde outra parroquia máis, a de Verducido, acrecentando a envergadura da disputa a niveis non asumibles para unha institución que tiña como cometido garantir a submisión social no medio rural.

A constatación das diversas negativas a custear a cota pode levar a establecer unha relación directa entre a existencia da débeda coa Hermandade e unha incapacidade económica da casa para saldala. Pero a documentación demostra que rara vez non cumpren en tempo e forma co pagamento ou son os primeiros en tomar a decisión de non saldar as contas coa institución grupos como viúvas (que por selo son das poucas mulleres que aparecen como

cabeza de familia e, como tales, son obxecto nominal do encadramento na Hermandade) ou os estratos máis humildes do campesiñado (xornaleiros, caseiros etc.). Trátase de propietarios medios e mesmo abastados que consideran a cota un abuso e decídense a non pagala. A veciñanza de Verducido, por exemplo, aduce nas explicacións que dan sobre a súa indocilidade que as cotas son excesivas, pero non dubida en sinalar que están dispostos a cometer o desembolso de maneira inmediata se se lles ‘borra’ da Hermandade, o que evidencia que o importe da cota e dos atrasos acumulados non era a cuestión central da súa protesta. Segundo os informes emitidos polas autoridades a líder da negativa ó pagamento na parroquia de Marcón é Manuela Otero García e os datos que existen sobre ela no Padrón de Contribuíntes de Rústica e Pecuaría indican que pode considerarse unha das grandes propietarias encadradas na Hermandade, lonxe da pobreza que puidera interpretarse como causa do incumprimento do pago. Non se rebela máis nin primeiro a muller ou grupo de mulleres máis empobrecidas, con máis fame ou máis apuradas polas circunstancias, senón aquela(s) que logran sentirse parte dun colectivo, as que percibe(n) a situación como máis inxusta e as que ven as súas expectativas máis fundamentalmente malogradas. Como toda protesta, esta é froito dun proceso colectivo de construción cultural no que hai que (re)asignar identidades e responsabilidades da situación para conseguir que o descontento individual e privado se torne unha mobilización colectiva (Casquete 2006).

O exemplo da negativa a entregar a cota e resistencia ó embargo de Manuela Otero é dobremente interesante. Primeiro porque, como acabamos de sinalar, incide en que non saldar a cota non implica penuria económica e, segundo, porque demostra que a resistencia tivo como cabezas visibles, e non só como participantes, as mulleres. Nos informes internos das autoridades albíscase o protagonismo feminino en varios casos máis. Na parroquia de Alba en 1954, quen se amosa como a líder da insubmisión económica é a ‘esposa’ de Laureano Barreiro Castro¹². Segundo relata o axente executivo, mentres estaban na taberna da aldea, onde se pretendía levar a cabo a recadación, a dona “proferiu frases pouco dignas para a Hermandade” e, unha vez saíu á rúa, empezou a berrar “que a Hermandade era boa para os cabidos, que se enriquecían a súa conta”. En Verducido, no 1955 a voz cantante lévaa Dolores

¹² Esta muller non está identificada polo seu nome nas fontes, só como ‘señora de’, fórmula bastante habitual na documentación que evidencia o mantemento dun modo de relación asimétrico entre homes e mulleres que tende a reproducir de forma explícita o réxime patriarcal.

Fontán, que insulta as autoridades da Hermandade chamándolles ‘maleteiros’ ó crer que ían embargar unhas árbores á súa veciña que, coma ela, tampouco pagara a cota. A explicación que lle proporcionou o axente executivo “non axudou a calmar os ánimos” pois uniuse a ela a súa filla e “proferiron insultos e ameazas... con berros e insultos inmundos contra a Hermandade”. Ó ver que a súa presenza non ía posibilitar a execución, o axente e o policía rural que o acompañara decidiron irse “sendo perseguidos por un grupo de nenas insultándoos e ameazándoos” e anunciándolles que se reaparecían por alí “que os queimarían”.

Nas accións de protesta dirixidas e orquestradas por estas mulleres particularizadas na documentación poderíamos entrever unha situación de illamento social destes suxeitos. Pero, certamente, debemos ter presente que esa soidade no conflito debe ser moi matizada para ser ben entendida. A aparición dunha única muller non deixa de partir dunha toma de decisión conxunta, xa sexa da familia (‘casa’), xa dun grupo de mulleres, xa de parte ou da totalidade dunha veciñanza ou comunidade, que elixe esta opción da ‘posta en escena individual’ como estratexia que pode conseguir máis éxito nas consecucións das fins que persegue ese acto de rebeldía concreto. Manifestar tan enérxica e publicamente o seu desgusto ante a cúpula da Hermandade ten como meta crear aflición e contrariedade nas persoas nas que recaen os cargos da institución someténdoos a unha crítica pública e un ambiente hostil por parte da xente cuxa misión é precisamente manter mansos e calados.

Na narración dun veciño da parroquia lindeira con Verducido recollida na documentación oficial evidénciase a gravidade dun altercado na que a veciñanza se opuxo á confiscación xudicial que se ía executar contra unha dos seus membros, Dorinda Pérez Maquieira. No seu relato indica que a Garda Civil e o axente non puideron nin entrar nas casas embargadas porque primeiro se atopaban cos nenos e logo coas mulleres que portaban pedras e ferramentas de traballo obstaculizando o seu labor administrativo. Mulleres e nenos obrigaron a marchar a cobradores e forzas de orde pública sen deixar en ningún momento de increpalos ata que se afastaron do pobo, segundo sinala a fonte. A acción de grupo presupón a existencia dunha identidade compartida por parte destas mulleres, necesaria para que a acción colectiva emerxa. A identidade colectiva comporta definicións compartidas relativas ás metas, significados e campos de acción e involucra redes de relacións activas entre elas, que interactúan, que se comunican e se inflúen mutuamente, negocian

e toman decisións. Do mesmo xeito, requiren un certo grao de implicación emocional que lles permite sentirse parte dunha unidade común. A creación dunha identidade colectiva, dun sentimento de ‘nós’ é un dos cambios fundamentais que producen nas participantes deste (e de calquera) episodio de acción colectiva. Elas parten da identificación dos agravios cometidos (reais ou non) pola Hermandade e o seu persoal, ós que atribúen e responsabilizan dos mesmos, creándose así un ‘adversario’ que, á súa vez, reforza o seu sentimento de pertenza ó seu colectivo¹³.

A lectura correcta da crónica da protesta é que non se trata dunha turba alienada polo fervor do momento nin por unha decisión casual tomada á lixeira. Ó noso entender o motín para evitar o pago e o embargo dos bens estaba orquestrado, perfectamente organizado e calculado. A comunidade tiña identificada a persoa afectada, estaba informada do procedemento que se ía a seguir e deseñou unha posta en escena disuasoria na que constrúen toda unha cerimonia urdida a partir das estratexias que teñen ó seu alcance. No teatro dos subordinados, os espazos, os tempos, as personaxes e o *atrezzo* adecúanse á consecución do obxectivo final. Ante a presenza das autoridades, a peza inicial da representación comeza ó colocar en primeiro termo os máis indefensos, os nenos, que incorporan o elemento de debilidade desde os seus propios corpos sen armas. Na medida en que este primeiro elemento disuasorio non acadada entidade suficiente para deter a execución do embargo, entra en escena o segundo e definitivo elemento, o outro dos grupos implicados: as mulleres. Identificadas como débiles na sociedade e ós ollos das autoridades, operaron en realidade desde a forza do colectivo como elemento resolutivo. Elas, cos seus corpos femininos, sempre interpretados como fráxiles –na mesma categoría cos nenos– botaron man, ademais, das claves de histeria feminina e loucura transitoria asociada ás mulleres para tecer unha estratexia de xénero en toda regra. A forza da súa reivindicación faise máis visible desde o mesmo momento en que portan ferramentas susceptibles de ser clasificadas como armas que poidan chegar a causar dano físico.

Temos polo tanto, dous ámbitos que referir: unha arma na dialéctica social, o berro/insulto feminino, que conecta cunha perda de razón, cun suxeito

¹³ Desde a Psicoloxía Social deféndese a teoría de que a identidade se constrúe simultaneamente no plano cognitivo, é dicir, a partir da memoria individual, a experiencia persoal e os propios acontecementos, e no plano social, fundamentalmente como froito da situación de interacción social (Fernández e Sabucedo 2006).

fóra de control e por tanto engádelle perigo á situación de protesta, e unhas armas tanxibles que, nas mans dese suxeito alterado, fan incontrovertible o alcance da ameaza. Pero este mesmo xeito de empuñar as armas por parte das mulleres pode ser lido tamén en clave de xénero. Nas mans femininas as ferramentas do agro que están presentes na protesta tamén funcionan como símbolos culturais. Por unha banda, son elementos que identifican a clase social á que pertencen, elas protestan como labregas, como traballadoras do agro, como parte da unidade de produción e evidencian portando os seus utensilios de traballo habitual; por outra banda, a tipoloxía específica desas ferramentas, fouciños e angazos de xeito maioritario, asóciase ó gando miúdo da casa e a labores igualmente menores de colleita, vinculadas no rural ó traballo das mulleres¹⁴.

Así as ves!

104

Na armazón da ditadura franquista, que ratificaba e exaltaba o modelo heteropatriarcal, a representación social acompañou os distintos actos acometidos polas mulleres con base ós estereotipos de xénero. En realidade, nas postas en escena que conforman o noso modelo de caso podemos observar un movemento dobre. Un primeiro instante, de carácter ascendente e no que vai *in crescendo* a tensión, que remata coa desaparición do escenario das autoridades no que semella un triunfo sen paliativos da revolta das pontevedresas. A pregunta que xorde é cal é o elemento diferenciador con respecto a outras protestas que provoca que os mandos non exerzan a súa *potestas*, nin como representantes da lei nin como homes. Consideramos de máximo interese tratar de dar resposta a esta decisión de non poñer en práctica ningunha modalidade de represión *in situ* e, na nosa opinión, a razón atopámola na bidireccionalidade á que nos referiamos ó aludir unhas liñas máis arriba a un movemento duplo da posta en escena. Non podemos obviar que os estereotipos de xénero funcionan nun camiño de dobre vía no que as autoridades en masculino interactúan co colectivo da protesta baixo o condicionante de que este fose feminino.

¹⁴ A conxunción desas armas e as mans das mulleres dota as demandas dunha certa improvisación ou carácter espontáneo. As protestas das mulleres rurais asóciase coa idea de arroutada, coa idea de casualidade. Déixanse ver como átomos sociais sen estrutura, sen articulación, sen aparato, o que lles serve de estratexia de xénero para tinguir de inconsciencia o seu comportamento e agochar a imprescindible articulación en rede que estas accións precisan para desencadearse. Son redes que nacen do parentesco e da convivencia e que se activan e reactivan no día a día da comunidade rural (camiños, lavadoiros, feiras, festas etc.).

Esta interpretación confírmase nas explicacións e razóns dadas por aqueles sobre a súa actuación. O capitán da Garda Civil de Pontevedra, por exemplo, para xustificar o labor desempeñado polos gardas que el dirixe ó acompañar os axentes recadadores para protexelos, alén de redundar no papel activo tomado polas mulleres na protesta, cualifícaaas como “rústicas, aldeás, de carácter camorrista e agresivo, que se consideran irresponsables” que desacreditan a lei por non entendela. O secretario da Hermandade ó citar os ‘culpables’ do movemento de resistencia acusa convencido as mulleres das diferentes parroquias de que, segundo a súa interpretación, intercambiando opinións, negan a valía das ordes das autoridades que lles insisten na obrigatoriedade de pagar a cota da Hermandade e, a maiores, fanse eco da conveniencia de non pagala e incitan o resto da poboación a tomar tamén unha postura subversiva e a manter unha ulterior resistencia ó futuro embargo. Na súa argumentación non dubida en cualificar a estas mulleres de “verduleiras” que se dedican a “difamar e calumniar ós que sempre as favoreceron, non tendo intelixencia suficiente para recoñecer os seus favores”¹⁵.

Como pode comprobarse, as autoridades asocian a menor capacidade intelectual das mulleres e a súa falla de cultura e preparación ás tomas de postura resistentes contra o éxito das medidas por eles impostas e insisten na irracionalidade das protagonistas da protesta. Con iso desmerécenas en todos os planos e despolitízanas, despóxanas de toda condición que as connotara como parte da cidadanía valéndose dos trazos máis negativos do estereotipo de xénero feminino vixente na altura. E, con iso, a súa vez, excúlpanas. A des-cualificación sen dúbida actúa como atenuante na represión inmediata que calquera protesta comportaría de ter sido masculino o colectivo protagonista, porque serve para que as demandas da loita sexan rebaixadas en entidade en tanto que non se lles outorga ás mulleres calidade de suxeito de acción política. Dispersalas ou detelas naquel momento sería situar a muller nunha escala de iguais cos varóns e indicaría, como acontece con outras protestas dirixidas por mulleres nas que si foron castigadas, que o condicionante do estereotipo de xénero negóciase en cada momento, en cada conflito segundo as circunstancias e en función da lectura que os representantes do poder realicen.

¹⁵ A análise da construción de xénero remítenos á instrumentalización da linguaxe, ó discurso construído polas autoridades franquistas que alude á falla de moralidade das mulleres cando estas non presentan un comportamento submisivo que respondera ó modelo de muller construído desde a ideoloxía nacionalcatolicista.

As demandas das mulleres do rural pontevedrés e de moitas outras labregas galegas durante o franquismo identifícanse cun lamento, algo asociado ó seu rol feminino, subordinado ó peso específico que tería a consideración de protesta. A queixa é un mecanismo vinculado ó choro e a pedir, pero non a esixir e a demandar como o é a protesta. Trátase de relegar a reivindicación de dereitos á conmiseración, rebaixando o nivel da esixencia á solicitude dunha graza concedida. Subxace aquí a idea manida das mulleres como protagonistas de saloucos e anoxos constantes e de pequeno valor, laios irrelevantes e caprichosos que se traspasan do contorno familiar privado a un escenario público. De feito, elas mesmas tamén xogaron a partida coas cartas que esa consideración social lles repartía. Fixeron da ignorancia, da submisión, da infantilización e/ou da casualidade, bazas gañadoras detrás das que protexerse a modo de trincheiras. As labregas na protesta aprópiáanse de todo aquilo que as define socialmente como mulleres, empregando os mesmos termos retóricos cos que eran clasificadas. A misión de denuncia asumida polas mulleres está pois –en relación directa coas funcións consideradas como especificamente femininas– asentada nunha conciencia que podemos relacionar co que Temma Kaplan definía como “conciencia feminina” e que leva as mulleres a apoiarse nas funcións que a propia estrutura da sociedade patriarcal lles adxudica para levar a cabo unha acción de denuncia ou de protesta (Kaplan 1990).

106

A mesma bipolaridade cultural que lles permitía defender a casa fóra e someterse de portas a dentro habilitoulles a posibilidade de sobrevivir no conflito. Se a presenza nas revoltas tivera traído un cambio no sitio que ocupaban as mulleres de maneira individual nas unidades familiares e de maneira colectiva no organigrama social, a reacción ás súas accións tería terminado con estas e non só pola reacción do poder represor dun réxime ditatorial senón tamén pola da comunidade e da familia (e non só dos homes). En realidade, a protesta non supoñía unha real ocupación dun espazo de poder en ningún ámbito (familiar, comunitario ou social) porque no conflito, como en outras esferas da vida, as cousas feitas por mulleres interpretábanse como “menores” (Méndez 1988; Ruíz 2007) polo que revía a súa magnitude, minguaban as súas consecuencias e subtraíáselles transcendencia.

Tal é así que todos os repertorios de protesta das mulleres das parroquias do concello de Pontevedra encaixan coa visión tradicional de ser muller na Galicia rural desa altura. De feito, elas mesmas, sen importar o motivo do conflito ou as formas que escolleran para mantelo, no momento no que este

cesa, necesitaban xustificar a excepcionalidade da súa protesta en público para poder asumir o seu rol de subordinación e recuperar a vida cotiá. Estaríamos ante mulleres empoderadas na loita que teñen que deixar de selo cando a protesta se esvaece e volven os roles asignados na rutina. O que no acto performativo se percibe en consonancia co modelo social imperante como mulleres bragadas, capaces da defensa férrea, fera e valente dos intereses da casa non é antagónico da condición de muller a fin de contas asociada directamente con falar de máis, moito, a berros, con ter a lingua longa, con levar e traer dixomedixomes, con ser unha tarabela, con bourear., de novo a histeria feminina¹⁶. Velaí a coincidencia entre as formas de protesta e o reforzo dos estereotipos de xénero.

Agora ben, estamos lonxe de explicar a aparición das mulleres na protesta esgrimindo como única razón a atenuación da represión, ou se se quere a súa inmunidade fronte ás autoridades que aquela comporta historicamente e que xa E. P. Thompson (1979) comprobara nos motíns de subsistencia da Inglaterra do século XVIII. Este argumento, sen dúbida a ter en conta como arma de todo grupo subalterno, non pode ó noso entender converterse en razón única que dote de significado a feminización da protesta no rural. Se esa premisa fose válida por si soa, deberíamos de ter atopado mulleres protagonizando ou formando parte de toda acción social de carácter reivindicativo e non pode sosterse esa afirmación naqueles casos nos que as mulleres non están impelidas directamente (caso das mariscadoras que perdían o seu traballo coa instalación dunha industria de celulosas na ría de Pontevedra) ou, elemento que consideramos chave na nosa argumentación, cando se esvae a clave cultural que as integraba no cerne da sociedade campesiña. As mulleres do rural están moi presentes na protesta porque representan a casa. O doméstico, en contra do dito non está na vivenda, está na ‘casa’, termo que corresponde a un conxunto que engloba o edificio principal, as construcións anexas e a totalidade da propiedade. Concibida deste xeito a casa está presente en todos os lugares xeográficos con carácter individual ou comunal do núcleo de residencia (aldea, parroquia, lugar etc.). Os comportamentos das labregas hai que lelos no marco da defensa da unidade familiar á que pertencen, si, pero tamén

¹⁶ Confróntese co sinalado por Elena Freire Paz (2004: 505-506) na súa análise sobre a fala feminina nun espazo público como son as feiras no que a autora sinala as diferenzas entre “a ‘palabra’ asociada na cultura androcéntrica tradicional ó rol masculino” fronte “ás negociacións das mulleres consideradas pouco serias e asociadas a valores e comportamentos sociais pexorativos como son o descaro, a vociferación, etc.”.

entendendo esa concepción complexa de casa. De feito, cando esta última se ve modificada polo tránsito cara á ‘modernidade’ que levaba implícito o fin da sociedade campesiña coa transformación dos labregos en empresarios agrícolas e das labregas no seu *alter ego* e/ou en amas de casa, elas perden a atribución de erixirse en representante da unidade familiar, de falar en nome da casa nos momentos de conflito aberto¹⁷.

Non concordamos coa interpretación de que a súa actuación se deriva da ausencia dos homes, xa fose esta por razóns temporais (ocupación laboral, emigración etc.) xa de maneira definitiva, en tanto que non ten en conta as lóxicas internas polas que nunha casa labrega se toma a decisión de repartir os papeis de protagonismo nos momentos de representación desta. Mulleres casadas e con esposos presentes tamén participan nas revoltas. Nesta afirmación semella implícita a asociación entre a condición feminina e o seu status como nai. Nesa liña, Claudia Cabrera analiza as rebeldías cotiás protagonizadas por mulleres en Asturias dentro da “defensa do cumprimento do seu rol tradicional de xénero”, como parte dun “dereito natural” a “asegurar o benestar da familia e o coidado dos fillos” (Cabrera 2004: 38). Subscribimos a primeira das apreciacións, pero entendemos que deberíamos matizar a alusión á maternidade en tanto en canto non debería usarse nunca en termos só biolóxicos senón nunha configuración simbólica desta. A muller integrada nunha unidade familiar campesiña, aínda cando non sexa nai, asume a responsabilidade dos coidados de todos os integrantes da mesma revestíndose co halo da maternidade. Xa que logo, estaríamos ante unha loita pola ‘outredade’, na que a súa presenza física é unha arma para a defensa ‘dos seus’. De feito, insistimos na existencia dun condicionante de xénero que unido a unha identidade campesiña xustificaba, socialmente, a súa presenza porque levaban a cabo a protesta polos outros (como nais, como esposas, como parentes, como membros da comunidade, como parte da casa). Tal é a forza deste segundo elemento que, cando esmoreceu a cultura campesiña –da que era portadora unha sociedade rural á que ‘liquidaron’ con maior ou menor velocidade os importantes cambios socioeconómicos que experimentou

¹⁷ A ‘modernización’ do agro, que podemos datar nos anos setenta do século XX reduciu as mulleres á casa como edificio. Motorización e características da revolución verde –tecnoloxía aplicada ó agro– (tractores, muxidoras, químicos etc.) e novas formas de protesta democráticas estruturadas (sindicatos, manifestacións, folgas etc.) confináronas ó interior da vivenda. Sobre o impacto da ‘modernización’ e industrialización da agricultura tivo nas relacións de xénero na Europa occidental téñense ocupado estudos como o de Barthez (1982) ou Blanc e Mackinnon (1990), para o caso especificamente español, véxase García Sanz (2004).

España nos anos setenta–, as mulleres do rural proxectadas xa como amas de casa ou empresarias agrícolas¹⁸, malia seguir sendo nais, viron restrinxida a súa capacidade para figurar como defensoras dos intereses da familia en contextos de confrontación. A maternidade, *per se*, non resultaba xa suficiente xustificación.

Rematamos sinalando que a represión, o medo e a fame están detrás de moito descontento social que non se converteu en mobilización social durante a ditadura franquista, desembocando en mostras de resistencias cotiás, pero noutros non poucos casos si deron lugar a episodios de conflitividade manifesta, ante os que as autoridades se amosaron inquedas e alarmadas. E moitas destas actuacións non se explican nin se comprenden sen a presenza e o protagonismo de mulleres do rural que loitaron coas súas armas de muller para tentar mellorar a súa calidade de vida (súa, da súa familia e veciñanza) e salvagardar a súa cosmovisión (valores, crenzas, lóxicas).

Ana Cabana Iglesia

Universidade de Santiago de Compostela

Referencias bibliográficas

Aguado, Ana e Teresa María Ortega (eds.). 2011. *Feminismos y antifeminismos. Culturas políticas e identidades de género en la España del siglo XX*. Valencia: PUV.

Barthez, Alice. 1982. *Famille, travail et agriculture*. París: Economica.

Blanc, Michel e Niall Mackinnon. 1990. “Gender relations and the family farm in Western Europe”, en *Journal of Rural Studies*, nº 6 (4), pp. 401-105.

Cabana Iglesia, Ana. 2013. *La derrota de lo épico*. Valencia: PUV.

¹⁸ Sobre este proceso de liquidación da sociedade rural tradicional e o xurdimento dunha moderna sociedade agraria que transmutou a ‘casa’ nunha ‘explotación familiar’, véxase Gómez Benito e González Rodríguez (1997) e para seguir polo miúdo esta mutación na xeografía galega véxase Díaz Geada (2013). O cambio amosouse inexorable pero non foi abrupto nin súbito polo que ó longo dos anos setenta aínda as mulleres que se conciben a si mesmas e que son vistas polas súas comunidades como ‘labregas’ continúan aparecendo nos espazos nos que se dirime o conflito.

- Cabana Iglesia, Ana e Miguel Cabo Villaverde. 2006. “Cuando lo viejo muere y lo nuevo no acaba de nacer”. El asociacionismo agrario en Galicia entre el Golpe de Estado y la creación de las Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos”, en *Lo que han hecho en Galicia* (ed. Jesús De Juana e Julio Prada). Barcelona: Crítica, pp. 165-185.
- Cabana Iglesia, Ana e Elena Freire Paz. 2015. “Vendedoras de barro. Mujeres rurales y los límites de lo ‘doméstico’ a mediados del siglo XX”, en *Jornaleras, campesinas y agricultoras. La historia agraria desde una perspectiva de género* (ed. Teresa María Ortega López). Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza, pp. 281-306.
- Cabana Iglesia, Ana e Daniel Lanero Táboas. 2009. “Movilización social en la Galicia rural del Tardofranquismo (1960-1977)”, en *Historia Agraria*, nº 48, pp. 111-132.
- Cabana Iglesia, Ana e Daniel Lanero Táboas. 2016. “Construyendo discursos frente a la movilización: Estado y grandes empresas en la conflictividad ambiental en España (1940-1980)”, en *HALAC. Historia Ambiental Latinoamericana y Caribeña*, vol. 6, nº 1, pp. 122-147.
- Cabana Iglesia, Ana *et al.* 2013. “Dinámicas políticas de la sociedad rural gallega entre la agonía de la dictadura y la implantación de la democracia: (1970-1978)”, en *Historia del presente*, nº 21, pp. 123-144.
- 110 Cabrera Blanco, Claudia. 2004. “Espacios femeninos de lucha: rebeldías cotidianas y otras formas de resistencias de las mujeres durante el primer franquismo (Asturias, 1937-1956)”, en *Historia del Presente*, pp. 31-46.
- Cabrera Blanco, Claudia. 2006. *Mujeres contra el franquismo (Asturias 1937-1952). Vida cotidiana, represión y resistencia*. Oviedo: KRK.
- Camarero, Luís A. *et al.* 1991. *Mujer y ruralidad. El círculo quebrado*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales, Instituto de la Mujer.
- Casquete, Jesús. 2006. *El poder en la calle. Ensayos sobre acción colectiva*. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.
- Díaz Geadá, Alba. 2013. *Mudar en común. Cambios económicos, sociais e culturais no rural galego do franquismo e da transición (1959-1982)*. Tese de Doutoramento inédita.
- Díaz Geadá, Alba. 2015. “Modernizar en femenino. Algunas notas sobre el trabajo de las agentes de economía doméstica y los cambios socioeconómicos y culturales en el rural gallego del tardofranquismo”, en *Historia Actual Online*, nº 36, pp. 149-161.
- Fernández, Concha e Xosé Manuel Sabucedo. 2004. *Do descontento á acción. A construción social da protesta campesiña en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- Freire Cedeira, Araceli. 2011. *En defensa de lo suyo. Propiedad forestal y conflictividad social durante el franquismo: los montes vecinales de Cerceda (A Coruña)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Freire Paz, Elena. 2004. *La recuperación de la alfarería tradicional en la provincia de Lugo: procesos socioeconómicos y culturales*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- García Sanz, Benjamín. 2004. *La mujer rural ante el reto de la modernización de la sociedad rural*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Instituto de la Mujer.
- Gómez Benito, Cristóbal e Juan Jesús González Rodríguez (eds.). 1997. *Agricultura y sociedad en la España contemporánea*. Madrid: CIS/MAPA.
- González Crespo, María Concepción. 1988. “Celulosas, a mazá envenenada. Pequena historia da oposición”, en *A Nosa Terra. A Nosa Historia*, nº 5, pp. 62-68.
- González Paz, Carlos Andrés (ed.). 2009. *As Vóces de Clío: a palabra e a memoria da muller na Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e Secretaría Xeral de Igualdade.
- Herrero Pérez, Nieves. 1997. “A Terra é nosa?. Implantación de la minería a cielo aberto en un contexto agrario”, en *Antropoloxía: revista de pensamento antropológico y estudos etnográficos*, nº 13, pp. 27-52.
- Herrero Pérez, Nieves. 2008. “El conflicto de As Encrobas (1976-1979). La prensa gallega y la representación de la identidad campesina”, en *IC Revista Científica de Información y Comunicación*, nº 5, pp. 478-499.
- Høj, Anvik Cecilie. 2012. “Notas sobre ‘Traballo para comer, como para traballar’. Xénero, traballo e identidade”, en *Antropoloxía das mulleres galegas. As outras olladas* (ed. Enrique Alonso Población e Sharon Roseman). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, pp. 113-115.
- Kaplan, Temma. 1990. “Conciencia colectiva y acción colectiva: el caso de Barcelona, 1910-1918”, en *Historia y género. Las mujeres en la Europa moderna y contemporánea* (ed. James S. Amenlang e Mary Nash). Valencia: Intitució Alfons El Magnánin, pp. 267-296.
- Lanero Táboas, Daniel. 2003. “Entre dictadura y democracia: la conflictividad socioambiental en las Rías Baixas, 1959-1980”, en *Por surcos y calles. Movilización social e identidades en Galicia y País Vasco (1968-1980)* (ed. Daniel Lanero Táboas). Madrid: La Catarata, pp. 139-172.

- Lanero Táboas, Daniel. 2011a. “Sobre el encuadramiento de los campesinos y la agricultura en el tiempo de los fascismos una comparación entre nazismo y franquismo”, en *Ayer*, nº 83, pp. 53-76.
- Lanero Táboas, Daniel. 2011b. *Historia dun ermo asociativo labregos, sindicatos verticais e políticas agrarias en Galicia baixo o Franquismo*. Santa Comba, A Coruña: TresCtres.
- Lucea, Víctor. 2002. “Amotinadas: las mujeres en la protesta popular de la provincia de Zaragoza a finales del siglo XIX”, en *Ayer*, nº 47, pp. 185-207.
- Marco López, Aurora. 2006. “Mulleres na guerrilla antifranquista. Consuelo Rodríguez López, *Chelo*”, en *A memoria esquecida: peladas, presas, paseadas*. Santiago de Compostela: Servizo Galego de Igualdade/Andaina, pp. 20-27.
- Mariás Cadenas, Secún. 2011. “*Por España y por el campo*”. *La Sección Femenina en el medio rural oscense (1939-1977)*. Huesca: Instituto de Estudios Altoaragoneses.
- Martíns Rodríguez, María Vitoria. 2011. “A represión franquista sobre as mulleres”, en *As mulleres en Galicia no século XX* (dir. Jesús De Juana e Julio Prada). Vigo: Ir Indo Edicións, pp. 141-168.
- Martíns Rodríguez, María Vitoria. 2013. *A regresión franquista. A muller durante o primeiro franquismo. Sección Femenina en Pontearreas (1936-1955)*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- Méndez, Lourdes. 1988. “*Cousas de mulleres*”. *Campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo, 1940-1980)*. Barcelona: Anthropos.
- Molinero Ruíz, Carme. 1998. “Mujer, franquismo, fascismo. La clausura forzada en un ‘mundo pequeño’”, en *Historia Social*, nº 30, pp. 97-117.
- Moral Vargas, Marta del. 2012. *Acción colectiva femenina en Madrid (1909-1931)*. A Coruña: Publicacións da Cátedra Juana de Vega-Universidade de Santiago de Compostela.
- Moreno Seco, Mónica. 2008. “Mujer y culturas políticas en el franquismo y el antifranquismo”, en *Pasado y memoria: Revista de historia contemporánea*, nº 7, pp. 165-185.
- Murillo Cid, Irene. 2013. *En defensa de mi hogar y de mi pan. Estrategias femeninas de resistencia civil y cotidiana en la Zaragoza de posguerra, 1936-1945*. Zaragoza: Pressas Universidad de Zaragoza.
- Pallares Mández, María del Carmen. 1993. *A vida das mulleres na Galicia medieval: 1100-1500*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

- Pernas, Herminia. 2011. *Historia das mulleres en Galicia. Época contemporánea*. Vigo: Xunta de Galicia/Nigratreá.
- Prada Rodríguez, Julio (ed.). 2013. *Franquismo y represión de género en Galicia*. Madrid: La Catarata.
- Punzón Lorenzo, Carlos. 2000. “Autopistas del Atlántico. El largo camino del progreso”, en *Grandes empresas, grandes historias de Galicia* (ed. Fernando R. Ojea). A Coruña: La Voz de Galicia, pp. 86-91.
- Rey Castelao, Ofelia. 2015. “El trabajo de las mujeres rurales en la España Moderna. Un balance historiográfico, 1994/2013”, en *Revista de Historiografía (RevHisto)*, nº 22, pp. 183-220.
- Rey Castelao, Ofelia e Serrana Rial García. 2009. *Historia de las mujeres en Galicia (siglos XVI al XIX)*. Vigo: Nigratreá.
- Rial García, Serrana. 2005. *El trabajo de las mujeres del campo en la Galicia moderna*. Madrid: AIHM.
- Rial García, Serrana. 2009. “Trabajo femenino y economía de subsistencia: el ejemplo de la Galicia Moderna”, en *Manuscrits*, nº 27, pp.77-99.
- Rico Boquete, Eduardo. 1997. *La creación de Celulosas de Pontevedra y su influencia en el sector forestal de la provincia*. Madrid: Fundación Empresa Pública.
- Rico Boquete, Eduardo. 2000. “ENCE. Primer productor europeo de celulosas de eucalipto”, en *Grandes empresas, grandes historias de Galicia* (ed. Fernando R. Ojea). A Coruña, La Voz de Galicia, pp. 172-173.
- Rodríguez López, Sofía. 2015. *Memorias de Los Nadie. Historia oral del campo andaluz (1914-1959)*. Sevilla: Centro de Estudios Andaluces.
- Ruíz Franco, Rosario. 2007. *¿Eternas menores?: las mujeres en el franquismo*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Sampedro Gallego, Rosario. 1996. *Género y ruralidad. Las mujeres ante el reto de la desagrarización*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Instituto de la Mujer.
- Scott, James. C. 2003. *Los dominados y el arte de la resistencia*. Tafalla: Txalaparta.
- Scott, Joan W. 1990. “El género: una categoría útil para el análisis social”, en *Historia y género. Las mujeres en la Europa moderna y contemporánea* (ed. James S. Amenlang e Mary Nash). Valencia: Intitució Alfons El Magnánin, pp. 23-58.

Soutelo Vázquez, Raúl. 2006. *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas*. Valga: Concello de Valga.

Souto Blanco, María Jesús. 2008. “Género y compromiso: estudio de la represión judicial ejercida sobre la mujer a raíz del estallido de la sublevación militar del 20 de julio de 1936 en Lugo”, en *Semata: Ciencias Sociais e humanidades*, nº 20, pp. 243-266.

Souto Blanco, María Jesús. 2012. “Polo que fixeron e polo que eran. A represión directa e a represión transitiva contra as mulleres na Guerra Civil”, en *As mulleres na historia de Galicia. Actas do I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero* (ed. Miguel García Fernández *et al.*). Santiago de Compostela: Andavira Editora, pp. 217-234.

Thompson, Edward P. 1979. *Tradición, revuelta y conciencia de clase*. Barcelona: Crítica.

Vallejo Pousada, Rafael. 1990. “Pervivencia de las formas tradicionales de protesta: los motines de 1892”, en *Historia Social*, nº 8, pp. 3-27.

Velasco Souto, Carlos. 1995. *Agitacións campesiñas na Galicia do século XIX*. Vigo: Edicións Laiovento.

114 Yusta, Mercedes. 2004. “Rebeldía individual, compromiso familiar, acción colectiva: las mujeres en la resistencia al franquismo durante los años cuarenta”, en *Historia del Presente*, nº 2, pp. 63-92.